



## Concello de Moaña

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A evolución do COVID-19 nos últimos días supuxo a adopción de medidas de contención extraordinarias polas autoridades sanitarias estatais e galegas.

O venres 13 de marzo esta alcaldía decretou unha serie de medidas para o persoal municipal e para a restrición de certos servizos. O propio venres pola tarde, a Xunta de Galicia declaraba a emerxencia sanitaria. O sábado 14 de marzo o Goberno do Estado aprobou o Real Decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Ante este contexto, cómpre adaptar aquelas medidas á actualidade.

Por todo isto, no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local en concordancia co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia e o artigo 41.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía

#### RESOLVE:

**Primeiro:** En relación co contido do dito decreto estatal, o Concello de Moaña adopta as seguintes medidas que permanecerán vixentes mentres dure o estado de alarma:

**Primeira:** O persoal municipal desenvolverá con carácter xeral as súas funcións na modalidade de traballo non presencial. Porén, en cada área das definidas como esenciais haberá unha persoa para garantir a atención telefónica á veciñanza daquelas cuestións inaprazables. A estes efectos estableceranse quendas entre o persoal adscrito á área correspondente.

**Segunda:** O persoal municipal que realice funcións que non poidan ser desenvolvidas mediante a modalidade de traballo non presencial deberá permanecer con carácter xeral nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente. Este persoal deberá permanecer localizable en todo momento e deberá reincorporarse aos seus postos de traballo presenciais se así se lle require por necesidades excepcionais do servizo. En todo caso, estableceranse quendas entre o persoal para garantir a prestación dos servizos definidos

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 7D7C2E2Z9DUQWFLZLMQH7QH262 | Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Moaña

---

como esenciais.

**Terceira:** O persoal considerado sensible ou de risco polas autoridades sanitarias queda excluído das quendas establecidas nos puntos anteriores.

**Cuarta:** Considéranse áreas esenciais as seguintes:

- a) Información, rexistro e estatística.
- b) Urbanismo e Medio Ambiente.
- c) Secretaría e Persoal.
- d) Intervención e Tesourería.
- e) Benestar Social.
- f) Centro de Información á Muller.
- g) Padroado Beiramar.

**Quinta:** Considéranse servizos esenciais os seguintes:

- a) Limpeza dos locais que continúan en funcionamento.
- b) Cemiterios.
- c) Vías, obras, parques e xardíns.
- d) Conserxería.
- e) Praza de Abastos municipal.

**Sexta:** Estas medidas non serán de aplicación ao persoal da Policía Local, por tratarse dun corpo de emerxencias.

**Segundo:** Desconvocar o pleno extraordinario fixado para mañá 17 de marzo e suspender, salvo causa de urxencia xustificada, a celebración das Comisións Informativas, as Xuntas de Goberno e as sesións Plenarias.

**Terceiro:** Formalizar a constitución do comité de seguimento da evolución da crise sanitaria provocada polo coronavirus. Forman parte do mesmo o Goberno Municipal, a Xefatura da Policía Local e a Presidencia de Protección Civil. Podendo asistir como asesoras outras persoas técnicas de interese en cada caso.

**Cuarto:** Dar traslado do presente decreto a todo o persoal municipal e aos grupos políticos da corporación.

**(Documento asinado dixitalmente á marxe)**

---

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 7D7C2EZ9DUQWFLZLMQH07QH262 | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2